

ANEXO IV

FORMALIZACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP E SEAGA, EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.

D. José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, en exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

D^a Lara Méndez López, Alcaldesa, en nome e en representación do Concello de Lugo en virtude das facultades conferidas segundo o art. 21 da Ley 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réximen Local.

DECLARAN:

Primeiro.- Que con data 17 de agosto de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Segundo.- Que con data 17 de setembro de 2018 o Concello presentou a solicitude de adhesión ao Convenio, regulada na súa cláusula terceira.

Terceiro.- Que a Comisión de Seguimento acordou, tras a súa valoración a aceptación da adhesión, propoñendo á mesma á persoa titular da Consellería do Medio Rural.

Cuarto.- Que a través da Resolución de 08 de maio de 2019, a persoa titular da Consellería do Medio Rural acepta a adhesión do Concello de Lugo.

Por todo o exposto, MANIFESTAN:

Primeiro: Que a través de este acto se formaliza a adhesión do Concello de Lugo ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Segundo: Que o Concello de Lugo asume con esta adhesión as obrigas e compromisos derivados de todas e cada unha das





cláusulas do convenio mencionado, con subxección plena a todas elas.

Santiago de Compostela, a data da sinatura electrónica.

O conselleiro do Medio Rural
José González Vázquez

Alcaldesa do Concello de Lugo
Lara Méndez López

